

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O DIA  
26 DE XANEIRO DE 2018**

Asistentes

SR. ALCALDE:

FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ  
BERNARDO VARELA LÓPEZ  
MARÍA ELENA SUÁREZ ESTÉVEZ  
MARÍA TERESA DEVEESA GRAÑA  
ALBERTO CONDE RODRÍGUEZ  
MARÍA ISABEL POISA REY

MANUEL CID PÉREZ

Polo PP:

LUZ DOPORTO REAL  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ  
MARIA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ

Polo PSdeG-PSOE:

ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA

SECRETARIO:

Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesi3ns da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20.00) do dia VINTESEIS de XNEIRO do DOUS MIL DEZAOITO, previamente convocados, reun3nse os Sres. Concelleiros 3 marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco Garc3a Su3rez, a fin de celebrar unha sesi3n ordinaria polo Pleno da Corporaci3n.

Non asisten 3 sesi3n:

*FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO LOSADA,*  
*concelleiro do BNG.*

Previamente comunicou a s3a ausencia por raz3ns persoais.

Sen incidencias.

---&&---

**ORDE DO DIA**

**Concello de Allariz**

Praza Maior, 1, Allariz. 32660 (Ourense). Tfno. 988 440 001. Fax: 988440078

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas o 01.12.2017 e 22.12.2017**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **Dar conta da sentenza núm. 212/2017 dictada polo Xulgado Contencioso Administrativo n.º 1 de Ourense no procedemento ordinario 245/2016 en materia de responsabilidade patrimonial da administración por lesións ocasionadas con motivo da festa do boi 2015.**
4. **Aluguer de parcelas en Chorente con opción de compra.- Expediente de contratación por procedemento aberto e trámite ordinario: Proposta de adxudicación da mesa de contratación das parcelas 53, 54 e 59.**
5. **Moción do BNG para o mantemento das áreas sanitarias.**
6. **Moción do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable.**
7. **Moción do PSdeG-PSOE sobre a aprobación dunha ordenanza de emerxencia social**
8. **Moción do PSdeG-PSOE sobre a recollida de vidro porta a porta para o sector hostaleiro da vila alaricana.**
9. **Rogos e Preguntas.\_**

---&&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes ás sesións celebradas o 01.12.2017 e 22.12.2017.**

Apróbanse, sen modificación alguna, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. **Dar conta da sentenza núm. 212/2017 dictada polo Xulgado Contencioso Administrativo n.º 1 de Ourense no procedemento ordinario 245/2016 en materia de responsabilidade patrimonial da administración por lesións ocasionadas con motivo da festa do boi 2015.**

Da conta o Alcalde sinalando que a sentenza contén aspectos positivos na medida en que se recoñece a culpa fundamental por parte da persoa que presentou a reclamación pero, ao mesmo tempo, aínda que non se admite a reclamación dos danos por valor de 29.000 euros, condenase ao concello por un importe de 4.000 euros; é algo que preocupa o grupo de goberno, porque é ésta a primeira sentenza destas características que se dicta contra o concello con motivo da celebración da festa do boi, diferente da dos danos ocasionados pola caída da bancada de pedra en Santo Estevo. Será necesario centrar todos os esforzos no plan de seguridade, pero sabendo que non se poderá dar unha seguridade universal a todos os participantes e sobre todo tendo en conta que a festa non un “encierro”, tampouco unha festa taurina, e polo tanto non se trata de montar uns tabladros de protección como hai naquel tipo de festas. Tratarase de poñer todas as medidas de seguridade axeitadas ás características da festa pero sabendo que non é posible eliminar todos os riscos.

Por parte do grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala

que coincide co Alcalde no que acaba de comentar, pero chámalle a atención que a compañía de seguros contratada exclúa especificamente a cobertura deste tipo de risco, nunha festa en que o risco potencial é precisamente éste. A festa está mais que sinalizada, os horarios de saída do boi, o seu percorrido, e tamén os riscos ós que todos nos podemos expor, pero o tema da póliza chama a atención porque ao mellor hai que pensar en cubrirela doutra forma e por outro lado interesa á portavoz saber qué papel xoga a Asociación Xan de Arzúa na organización da festa, se conta con algunha cobertura, aínda sabendo que o responsable último da organización é o Concello. Por outra banda, alerta de que este tipo de sentenza pode servir de reclamo para outro tipo de reclamacións porque todos os anos hai caídas, hai atropelos, e aínda que se faga todo o posible para evitalo, algúns incidentes son inevitables.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, recorda que fixo unha petición de información que non se respostou en prazo e que tampouco se informou de que se iba levar á sesión plenaria; houbera sido suficiente dicir que se traería ao pleno. Dito isto, quere saber a concelleira a cómo ascende a indemnización total, se son 4.000 euros mais a actualización do IPC dende o 08.09.2015, e polo tanto a cómo ascende o importe da indemnización xa que a condena é solidaria coa compañía aseguradora.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar, en primeiro lugar, que, en relación ás cuestións que prantexa o grupo municipal do Partido Popular, a exclusión deste tipo de cobertura non é por vontade municipal senón porque as compañías aseguradoras non queren asumir ese tipo de riscos salvo que se optara por un tipo de póliza súmamente costosa, pero sempre quedarían dúbidas en cómo ó alcance. En relación á Asociación Xan de Arzúa, desde o concello enténdese que, baixo ningún concepto se podería deixar de asumir a responsabilidade que lle compete ó concello en relación cunha festa municipal, esa responsabilidade non é delegable [a portavoz do Partido Popular coincide en que, en efecto, non se lles pode atribuir tamaña responsabilidade]. Por acordo da Xunta de Goberno, explica o Alcalde, ecoméndanselle tarefas específicas da organización pero deixando claro que a responsabilidade da organización da festa é do concello. A Asociación téñ pólizas que cubren ós homes do sedeño polos danos que poden sufrir.

En relación á cuestión que prantexa o grupo municipal socialista, admite o Alcalde que tiña que haber informado da pretensión de incluír a sentenza na orde do día da sesión. Sobre os custes, serán 4.000 euros coa actualización do IPC, se ben o incremento desta actualización será unha cantidade moi reducida, que se abonará na primeira semana de febreiro, que serán asumidos integramente por parte do concello.

Tómase razón por parte do Pleno da sentenza dictada.

**4. Aluguer de parcelas en Chorente con opción de compra.- Expediente de contratación por procedemento aberto e trámite ordinario: Proposta de adxudicación da mesa de contratación das parcelas 53, 54 e 59.**

Da conta da proposta o Alcalde sinalando que a Mesa valorou a única oferta presentada, que reunía todos os requisitos previstos no prego de cláusulas económico administrativos, o cal é positivo para seguir aumentando a presenza de empresas no parque empresarial.

Non hai intervencións por parte dos grupos municipais.

Polo exposto,

Visto o expediente presentado.

Acreditado o depósito en Secretaría da documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como a fianza definitiva por valor de 410,40 euros, equivalente ao 5% do prezo de adxudicación referido á renda anual, excluído o IVE.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación de data 8 de xaneiro de 2018 ;

O Pleno, pola unanimidade dos doce concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta corporación local, ACORDA:

*PRIMEIRO. Aprobar a proposta de adxudicación do contrato de aluguer con opción de compra do lote único das parcelas identificadas co número 53, 54 e 59 do Parque Empresarial de Chorente SUI-1 de Roiriz (Allariz) á empresa PROPIEDADES ECHEVARRÍA, S.L., con CIF N° B70536479, representada neste acto por dona Brenda Echevarría Granja, con domicilio, a efectos de notificacións, na rúa Chile, 4E, núm. 1ªA, urbanización Pezoca, de Oleiros (A Coruña), polo prezo de OITO MIL DOUSCENTOS OITO EUROS (8.208 €) máis MIL SETECENTOS VINTETRÉS EUROS CON SESENTA E OITO CÉNTIMOS (1.723,68€) correspondentes ao Imposto sobre o Valor Engadido (21%) polo concepto de renda anual de aluguer do lote único das citadas parcelas, con opción de compra.*

*SEGUNDO. Notificar e requirir a dona Brenda Echevarría Granja, en representación da empresa adxudicataria PROPIEDADES ECHEVARRÍA, S.L. para formalizar o contrato de aluguer con opción de compra e elevalo a escritura pública que se outorgará na Notaría de Allariz.*

*TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, tan amplamente como en dereito proceda para a execución do presente acordo e, en particular, para formalizar o corresponde contrato de aluguer con opción de compra e elevalo a escritura pública na forma prevista no prego de cláusulas administrativas.*

#### **5. Moción do BNG para o mantemento das áreas sanitarias.**

Da conta da moción de data 23.01.2018 a concelleira de benestar social, María Isabel Poisa Rey, nos seguintes termos:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellaría de Sanidade ven de presentar o Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia. Presentación feita con nocturnidade e aleivosía, sen diálogo previo nin na mesa sectorial, nin cos colectivos sociais

A Lei Galega de Sanidade en vigor establece que a prestación de servizos sanitarios e a delimitación das áreas farase *“tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación”*, no anteproxecto establece que se fará *“tendo en conta os recursos sanitarios existentes”*. Esta modificación é inaceptábel, xa que non prioriza as necesidades sanitarias d@s galeg@s, senón que será en función dos recursos que o Partido Popular decida destinar á sanidade pública, que como é unha evidencia, non deixou de recortar desde que volveu ao Goberno da Xunta.

Suprímense as actuais áreas sanitarias para crear unhas áreas maiores na súa extensión territorial, afastando deste xeito a resolución dos problemas da cidadanía e d@s traballadoras/es.

Estas sete áreas son coincidentes coas EOXIS que o Goberno do PP creou no ano 2010, cando iniciou a súa folla de ruta de desmantelamento das áreas sanitarias existentes. Naquela altura, as mobilizacións e a forte oposición da cidadanía e profesionais, conseguiu que o primeiro intento de desmantelamento non fora tan lonxe como pretendían, aínda que coa posta en marcha das estruturas organizativas de xestión integrada conseguiron unha boa parte dos seus obxectivos, e a sanidade nas áreas con Hospitais comarcais como O Barco, Monforte, Burela ou O Salnés quedou seriamente comprometida e a perda das xerencias nos hospitais comarcais significou a perda de capacidade organizativa e resolutiva

A creación das EOXIs condicionou tamén de xeito negativo o desenvolvemento da Atención Primaria. Desapareceron as xerencias e perdeu autonomía no desenvolvemento dos seus proxectos, quedando funcionalmente subordinada ás estratexias de xestión do centro hospitalario de referencia. A Atención Primaria precisa de maior impulso para mellorar a súa calidade, a dotación de persoal e recursos, e acadar un correcto funcionamento da súa carteira de servizos, actualmente subdesenvolvida.

Coa modificación que pretende aprobar o Partido Popular, esta situación vai agravarse aínda máis, de xeito que os Hospitais Comarcais e Atención Primaria pasan a ser meros apéndice dos grandes hospitais, con unha máis que evidente perda de autonomía, capacidade de decisión e dirección. Os grandes hospitais absorberán a maior parte dos recursos sanitarios

Os mecanismos de participación social recórtanse dun xeito alarmante, quedan totalmente amordazados. A composición tanto do Consello Galego de Saúde como dos Consellos de Saúde de Área deixan de estar recollida na Lei, e determinárase por decreto da Xunta. Retíraselle capacidade de control, emisión de informes e avaliación da execución política sanitaria, e só manteñen capacidade de asesoramento e consultivo. Incluso suprime a procura dunha composición paritaria dos mesmos.

O Partido Popular pretende levar a cabo esta modificación da Lei de Sanidade de Galiza,

sen ter levado a cabo ningunha avaliación de cales foron as consecuencias para a sanidade pública galega da creación das EOXIS.

O BNG manifesta a súa oposición a esta modificación, que significa confirmar o afastamento dun modelo sanitario de calidade, cercano á poboación, comunitario, participativo e orientado á prevención, e consideramos que hai que ir xusto na dirección contraria, O resultado destas políticas e os recortes, levan ao que xa fai tempo a cidadanía e os traballadores sanitarios están a sufrir: longas listas de espera en AP, colapso nos servizos de URX extrahospitalarias e URX hospitalarias, hacinamento de doentes en pasillos moitas veces sin ter en conta idade, patoloxías , etc. Na Provincia de Ourense sufrimos estes recortes , quedando reflexados en perdas tan importantes como o servizo de cirurxía infantil, tendo nosos nenos/as que desplazarse a outras áreas para ser intervidos cirúrxicamente con todo o que eso conleva para os pais e os propios nenos/as

Precariedade en servizos xa privatizados hai anos para os que non conta o benestar da cidadanía, sinón tan só contan os beneficios que dese servizo poidan acadar, levando así ao derrumbe da sanidade pública e incentivando a sanidade privada.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

#### ACORDO

Demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

- 1.** Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia.
- 2.** Mantemento de todas as áreas sanitarias para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da nosa comarca, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para@s usuari@s.
  - a)** Descentralizar as tomas de decisión e respectar as competencias e a autonomía da Área Sanitaria.
  - b)** Desenvolvendo unha xerencia, próxima, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, Luz Doporto Real, sinala que a modificación e actualización da lei era necesaria despois de dez anos, para garantir e ampliar o sistema de saúde público, ademais dunha optima utilización dos recursos e dunha atención máis eficiente ós pacientes. En definitiva, o paciente será o gran beneficiario da reforma coa que se actualiza a lei que estivo en vigor durante os últimos dez anos.

Unha das cousas que claramente pretende esta reforma, e o acercamento dos profesionais

ós pacientes e o blindaxe dos hospitais comarcais.

Coa nova lei as áreas sanitarias serán 7, coincidindo co número de EOXI (estruturas organizativas de xestión integrada). A área sanitaria consolida o modelo das EOXI para facilitar o achegamento dos profesioanais ós pacientes, que dende 2011 evitou máis de 200.000 desprazamentos ós pacientes que foron atendidos en hospitais comarcais. Este modelo, no que a Xunta quere seguir avanzando, permitiu que se investisen máis de 11 millóns de euros para ampliar e modernizar os hospitais comarcais.

Créase o distrito sanitario como marco de referencia para a coordinación de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria e está ligado á existencia do hospital no seu ámbito xeográfico. Polo tanto, os distritos sanitarios (serán 14) son a nova figura legal que permitirá brindar por primeira vez pola lei a existencia dos hospitais comarcais. Contarán con un peso específico dentro da área e da propia organización sanitaria do que ata agora non gozaban.

A modificación legal non altera en absoluto a asignación de médico ou de hospital, que na actualidade corresponde a cada paciente, nin moito menos a calidade asistencial.

A adopción da organización territorial á administrativa, redundará nun beneficio xeralizado para o paciente xa que permitirá ampliar a oferta de recursos asistenciais nos hospitais comarcais. A atención máis próxima ó domicilio está na base da reforma.

Fai que coñecer a realidade do que estamos falando, porque parece que ó BNG só lle preocupe a cuestión organizativa ou a redución de altos cargos de dirección, e eiquí o que importa e o que nos debe importar é a calidade asistencial dos pacientes. Francamente hai que vivilo para poder falar delo. Eu que nacín no Barco de Valdeorras, recordo perfectamente, como cada vez que necesitábamos consulta con un especialista nos tiñamos que desprazar a Ourense, co gasto e transtorno que elo conleva, e hoxe as cousas cambiaron para mellor, e xa non se despraza o paciente, senón o profesional, cubrindo así as necesidades de especialistas da comarca. Parece mentira ca un partido de esquerdas lle preocupe máis a redución como decía, de altos cargos e non a calidade asistencial que por dereito merecen tódalas persoas vivan onde vivan.

E decir, que a reforma normativa, permitirá, no caso de Ourense, garantir con un soporte legal o mantemento dos servizos dos hospitais comarcais de Valdeorras e Verín, e continuar na línea de extensión de especialidades, como as ata fai pouco só dispoñibles nos Hospitais Xerais, e das que carecen a maioría das comarcas fora da provincia, como cardioloxía, dixestivo, reumatoloxía, neuroloxía, endocrinoloxía e oncoloxía médica; implantar vías rápidas de diagnóstico e tratamento; unificar protocolos e criterios de derivación, etc., Co obxectivo último de equilibrar a carteira de servizos e de calidade asistencial ofrecida ós cidadáns, indistintamente do seu domicilio na provincia. Convirán connigo, en que era absolutamente discriminatorio para os veciños das comarcas o anterior sistema, no que era o paciente o que tiña que buscarse a vida

para desprazarse a Ourense, máis de 120 kilómetros no caso de Valdeorras, para acudir a unha cita médica cun especialista, ou os enfermos oncolóxicos tiñan que ser trasladados diariamente para poder aplicarles os seus tratamentos, imaxínanse, como se sentían esas persoas. Poden por un minuto intertar imaxinalo, imaxinar o que suporía para un paciente oncolóxico, que o recollera a ambulancia de traslados ás seis ou sete da mañá na súa casa, e regresase ás dez ou once da noite, rotos polo cansancio. Pois esa era a realidade ata fai moi pouco.

O texto de reforma da lei, cumpre ó máximo coas grantías de transparencia e participación. Comunicouse ós sindicatos o mesmo día que se publicaba no portal de transparencia e ampliouse o prazo para a presentación de suxerencias.

A xunta non descarta o debate, que considera enriquecedor en tódalas propostas que contribúan á mellora da sanidade. Por iso xa se produciron reunión cos colexios profesionais e con alcaldes e portavoces municipais.

A anterior redación da lei fixo practicamente imposible levar á práctica a participación. En casi 10 anos non se reuniron nin unha sóa vez os consellos de saúde. Coa nova norma simplifícase a composición dos órganos de participación. Garantízase que existan a un nivel autonómico e un por cada unha das áreas. Estarán representados os concellos da área, sindicatos e organización empresariais, algo ata a data inexistente.

Por primeira vez darase voz tamén ós pacientes, a través do seu propio consello asesor. Considerarase ós pacientes o eixo primordial en torno ó que debe xirar calquer proxecto.

Por outra parte non se alterará en ningún caso o actual sistema de contratación temporal, xa que os profesionais poderán anotarse nas listas dunha das sete áreas e expresar a súa preferencia por un distrito concreto. O sistema funcionará así para a comarca do Barbanza, Cee e Verín.

Tampouco é certo que se introduzan novidades nos sistemas de provisión de prazas. A libre designación seguirá sendo de aplicación excepcional.

A nova ordenación mellorará a xestión dos recursos humanos do Sergas en cada territorio que derivará nun mellor achegamento dos servizos sanitarios á cidadanía. Os profesionais seguirán sen ningunha dúbida ligados á área e manterán o seu destino orixinal.

No que sí poderían estar de acordo, sinala, é no punto 3 da moción en empezar a falar e por en marcha todo o que sexa posible para mellorar a atención primaria. Estamos nunha autonomía moi envexecida, especialmente a provincia de Ourense, e por elo convén acometer a reorganización dos servizos de atención primaria e polo tanto a dos enfermos crónicos. Cando xurden en determinadas épocas aparecen os repuntes dalgunhas enfermidades, como a gripe e se colapsan os centros hospitalarios, a miúdo por culpa dos usuarios, porque son consultas que se



poderían resolver en atención primaria. No caso dos enfermos crónicos, hai que buscar as vías de actuación necesarias para facer unha atención diferente para non saturar os servizos indebidamente sen merma da atención que requiren este tipo de enfermos, porque os servizos de urxencia deberían estar para atender as emerxencias propiamente ditas. Todo se pode acordar se hai vontade de consenso, sinala, pero o que non funciona é a crítica non constructiva. Quenes como ela mesma viviron durante anos lonxe dos centros hospitalarios poden valorar positivamente por exemplo a atención oncolóxica nos hospitais comarcais porque entóns sí había cidadáns de primeira e de segunda dependendo do lugar de residencia. Agora, aquelas situacións solventouse aínda que haxa moitas que hai que mellorar, recoñece, pero o que non vale é criticar por criticar.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, sinala que a miúdo é certo que unha imaxe vale máis que mil palabras e mostra unha imaxe da concentración de cidadáns na praza maior de Ourense do pasado sábado en contra das áreas sanitarias. É curioso que a concelleira do Partido Popular culpe ós usuarios da sanidade pública, como antes ocorreu coas nevaradas do Nadal. En agosto do 2017 o goberno da Xunta de Galicia encetou un proxecto de reforma da lei galega de saúde do ano 2008, un texto normativo que vai supoñer un maior recorte, unha maior precarización do sistema público de saúde. Unha reforma que limita a participación social, reduce as áreas sanitarias, consolida a exclusión da atención primaria e introduce un modelo privatizador do coñecemento. Vaise aprobar co rodillo do Partido Popular un modelo que pivota na caída escandalosa dos orzamentos públicos; na rebaixa dos investimentos, nas mermas do persoal, na introducción de empresas privadas no control e xestión de elementos básicos (historial clínico, informática, mantemento, limpeza, alta tecnoloxía) e a cesión de infraestrutura hospitalaria en mans privadas. A folla de ruta pretende converter un dereito básico da cidadanía, como é a protección e coidados, nun negocio; estase a descapitalizar o sistema público e introdúcese un modelo neoliberal conservador, non se busca mellorar a calidade da atención ós pacientes, búscase darlle oportunidades de negocio á empresas e multinacionais amigas, as mesmas que logo pagan os favores recibidos.

A sanidade pública en Ourense está en coma, elimínase a área de saúde de Valdeorras, cada día estamos a perder camas hospitalarias a pesares da nova ampliación, os colapsos e as esperas na atención quirúrxica son constantes, perdeuse a atención 24 horas das urxencias de cirurxía pediátrica; o hospital comarcal de Verín vai camiño da desaparición, a derradeira ocorrencia é contratar traumatólogos mediante unha empresa allea ó Sergas, como se fose unha empresa de traballo temporal. Diante desta situación insostible a xente sae á rúa. Na concentración na praza maior de Ourense do mércores 24, máis de tres mil persoas reclamaron a prol dun sistema sanitario público. O PP está a destruír un dos piares fundamentais do estado de benestar, unha sanidade pública e gratuita para todos. De nada vale prometer a construción de 20 novos centros de saúde se non se contrata persoal para atendelos. Xa non colan máis mentiras nin máis manipulacións. O grupo municipal socialista propón unha enmenda de engádegas á do

BNG: “volver á Lei galega de Saúde do ano 2008 co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais”.

No turno de réplica, a concelleira de benestar social, María Isabel Poisa Rey, sinala que se ao PP lle parece que a posición do BNG é catastrofista é que o PP vive no mundo de yupi neste momento e sabeo ben porque ela mesma pertence ó persoal sanitario, sabendo o que pasa todos os días, desde fai moitos anos. Isto non é de agora, como se de repente o PP empece a facer privatizacións, é algo que se ben facendo pouco a pouco, para deteriorar os servizos. De repente apareceu unha palabra chave que era *crise* que era como unha diana na que pinchar dardos. Gracias a esa palabra empezou a privatizar, empezou a deteriorar. O BNG cando fala de recortes non fala de cargos directivos, fala de xestión; de xestión de recursos humanos e materiais. Está de acordo coa portavoz do PP en que isto, fai anos, era impensable. Evidentemente, o dos doentes de o Barco solucionouse en parte, pero hai que solucionar moito mais. A porta de entrada para a saúde para a poboación é a atención primaria, e a ela están ligados os hospitais comarcais, sinala a concelleira, que teñen que estar mais dotados, que agora perderon dotacións; se antes había un servizo de traumatoloxía con tres ou catro días á semana agora vai un día. A maioría das doenzas non se poden atender nos hospitais comarcais porque non teñen os medios necesarios para facelo, poden facer unha consulta pero logo teñen que desprazarse a Ourense. Acaba a súa intervención sinalando que todos deberían velar polo ben mais prezado que é a saúde das persoas.

Polo grupo municipal do Partido Popular, a súa portavoz, sinala que no que acaba de afirmar a concelleira está completamente de acordo, e que o problema que temos en Ourense, e en Lugo, é o da atención primaria, e no que todos podemos ser positivos e constructivos e precisamente loitar por mellorar as cousas pero sen negar a realidade, porque actualmente a lista de espera para operacións de traumatoloxía no hospital de O Barco é mínima e a satisfacción dos pacientes con este servizo é increíble. Fai uns meses era impensable poder facer tratamentos contra a migraña, había que desprazarse a Ourense, hoxe en día aténdense directamente alí, eso tamén é calidade de vida dos pacientes. Non dubida que haberá que seguir conseguindo cousas pouco a pouco, pero negar que houbo unha crise económica non é razoable, e tamén é unha realidade que a crise non fixo que se abandoara a prestación do servizo sanitario, porque neste tempo construíronse hospitais como o Xeral de Vigo, tamén é unha realidade que en Galicia somos punteiros en transplantes e tamén en investigación. Ao tempo, recoñece que temos unha poboación moi envellecida e que quizais non estamos dando unha resposta adecuada a esta situación, ahí ningunha administración está respostando ben a este reto e as necesidades que representa iste problema e o abandono do rural, e non se trata soamente da situación dos hospitais senón de reforzar a atención primaria e neso podería coincidir coa concelleira.

Conclúe o Alcalde sinalando que o BNG acepta a transacción que presenta grupo municipal socialista porque volver á lei galega, como propón, implica a retirada do proxecto de lei presentado. En todo caso, aceptan a enmenda nos termos presentados. Cree que as boas palabras e os bos desexos en torno a un servizo esencial como é o sanitario deben ir acompañados de

feitos, de medidas orzamentarias, porque no ámbito persoal todos temos elementos para comprobar que a sanidade, xa só faltaría, vai mellorando en moitos aspectos; sen embargo, a atención, contratacións, e as listas de espera son unha evidencia, e esta lei vai nesa dirección. Hai unha financiación manifestamente insuficiente que data da cesión desta competencia á Xunta de Galicia, as circunstancias de envellecemento empeoraron a situación, e dende logo, o BNG non se conforma coa situación actual. Non vale atacar a moción defendendo os hospitais comarcais porque a moción tamén defende este tipo de centros, concretamente no apartado c) do texto; hai que reforzar os servizos de atención primaria, e tampouco é certo que calquera pode ir a urxencias se non leva o correspondente volante do centro de saúde. Hai unha demanda social de atender á sanidade pola importancia que ten o servizo. E as melloras, como a ampliación do novo CHOU en Ourense ten que ir acompañada de camas, non vale abrir un servizo con menos camas e menos profesionais. Por eso, entende que esta moción ven dar cobertura á demanda social e tamén dos propios profesionais.

Sométese o asunto a votación coa engádegas do grupo municipal socialista, co seguinte resultado:

SI:     BNG (8)  
       PSOE (1)

NON: PP (3)

Queda aprobada a moción do BNG para o mantemento das áreas sanitarias, cunha engádegas do PsdeG-PSOE, por acordo da maioría absoluta legal, cos votos favorables do BNG (8), do PsdeG PSOE (1) e co voto en contra do PP (3), quedando a parte resolutiva da moción, coa engádegas do PsdeG-PSOE, redactada nos seguintes termos:

#### ACORDO

Demandar da Xunta de Galiza as seguintes medidas:

1. Retirada do Anteproxecto de Lei polo que modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Galicia.
2. Mantemento de todas as áreas sanitarias para favorecer o coñecemento dos problemas de saúde da nosa comarca, a eficacia e a continuidade da atención, co lóxico beneficio para@s usuari@s.
  - a) Descentralizar as tomas de decisión e respectar as competencias e a autonomía da Área Sanitaria.
  - b) Desenvolvendo unha xerencia, próxima, con funcións de identificación de necesidades de saúde, planificación e xestión asistencial, de saúde pública e saúde laboral e socio-sanitaria.

- 3.** Volver á Lei galega de Saúde do ano 2008 co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais (\*).

(\* *Engádegas do PsdeG-PSOE aceptadas polo BNG.*

**6. Moción do PP para apoiar e defender a prisión permanente revisable.**

Da conta a concelleira, María del Carmen Pérez González, da moción de data 23.01.201 presentada polo grupo municipal do Partido Popular nos seguintes termos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal, que entrou en vigor o 1 de xullo de 2015, introduciu na nosa lexislación a prisión permanente revisable.

Trátase dun instrumento que existe en moitos países da nosa contorna, en gobernos de todo tipo de corte político; é unha institución coherente, que se incorpora ben ao noso modelo de garantías e ten perfecto encaixe penal.

A prisión permanente revisable, sinálao claramente a Exposición de Motivos desta Lei, non renuncia á reinserción do penado, pois unha vez cumprida unha parte mínima da condena, "un Tribunal deberá valorar novamente as circunstancias do penado e do delito cometido e poderá revisar a súa situación persoal".

A previsión desta revisión xudicial periódica da situación persoal do penado, idónea para poder verificar en cada caso o necesario prognóstico favorable de reinserción social, di a Exposición de Motivos, "afasta toda dúbida de inhumanidade desta pena, ao garantir un horizonte de liberdade para o condenado". Unha vez cumprido o tempo mínimo da pena, "se o Tribunal considera que non concorren os requisitos necesarios para que o penado poida recuperar a liberdade, fíxase un prazo para levar a cabo unha nova revisión da súa situación; e se, pola contra, o Tribunal valora que cumpre os requisitos necesarios para quedar en liberdade, establece un prazo de liberdade condicional no que se imporán condicións e medidas de control orientadas tanto a garantir a seguridade da sociedade, como a asistir ao penado nesta fase final da súa reinserción social".

Engade a Exposición de Motivos que "a pena de prisión permanente revisable non constitúe, por iso, unha sorte de «pena definitiva» na que o Estado se desentende do penado. Ao

contrario, trátase dunha institución que compatibiliza a existencia dunha resposta penal axustada á gravidade da culpabilidade, coa finalidade de reeducación á que debe ser orientada a execución das penas de prisión".

Igualmente sinala que "se trata, en realidade, dun modelo estendido no Dereito comparado europeo que o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou axustado á Convención Europea de Dereitos Humanos, pois declarou que cando a lei nacional ofrece a posibilidade de revisión da condena de duración indeterminada con vistas á súa conmutación, remisión, terminación ou liberdade condicional do penado, isto é suficiente para dar satisfacción ao artigo 3 do Convenio (cfr. SSTEDH 12-2-2008, caso Kafkaris vs. Chipre; 3-11-2009, caso Meixner vs. Alemaña; 13-11-2014, caso Caso Bodein vs. Francia; 3-2-2015, caso Hutchinson vs. Reino Unido)".

A pesar de todo iso, varios grupos parlamentarios presentaron recurso de inconstitucionalidade, recurso que o Tribunal Constitucional admitiu a trámite en xullo de 2015. A admisión a trámite non supón pronunciamento algún sobre o fondo do asunto, aínda que algúns pretenden a derogación desta medida sen esperar o pronunciamento do Tribunal Constitucional.

Así, o 4 de outubro de 2016 o Pleno do Congreso dos Deputados debateu e aprobou por maioría dos Grupos Parlamentarios Vasco (EAJ-PNV), Socialista, Esquerra Republicana, Confederal de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea, Mixto e a abstención de Cidadáns, e só co voto en contra do Grupo Parlamentario Popular, a Proposición non de Lei para a Derogación da Pena de Prisión Permanente Revisable.

E máis recentemente, o pasado 10 de novembro, foi admitida a trámite unha Proposición de Lei de Modificación da L.Ou. 10/1995 do Código Penal (Orgánica), que pretende derogar a prisión permanente revisable e que contou co único voto en contra do Grupo Popular.

Tras estes feitos e actuacións, son multitude os cidadáns que manifestaron o seu apoio á pena de prisión permanente revisable como medio para garantir a seguridade, os dereitos e liberdades de todos os españois.

Por todo iso, o Grupo Municipal Popular insta o Concello de Allariz a adopatar os seguintes

#### ACORDOS:

*PRIMEIRO.- O seu apoio á figura da prisión permanente revisable incorporada ao ordenamento xurídico español pola Lei Orgánica 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal.*

*SEGUNDO.- Instar aos diferentes Grupos Parlamentarios con representación no Congreso dos Deputados a que reconsideren a súa postura sobre a derogación da prisión permanente*

revisable.

*TERCEIRO.- Dar traslado destes acordos ao Ministro de Xustiza, aos Grupos Políticos do Congreso, Senado e do Parlamento de Galicia e da Xunta de Goberno da FEMP.*

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que, en relación a esta cuestión hai

aspectos que levan ó BNG a manifestar unha posición contraria a esta moción, non é só que todas as forzas políticas estatais, salvo o Partido Popular, que teñen expresado unha posición contraria, senón que a práctica totalidade dos operadores xurídicos manteñen unha posición reticente fronte a esta proposta. Os argumentos son comprensibles. En primeiro lugar, porque non é certo que haxa un sistema punitivo de menores penas en relación aos países do noso entorno, isto non é certo porque xa hai un conxunto de tipos delictivos con penas que superan en moitos casos aos do noso entorno europeo. Tamén é evidente que en moitos casos non se pode sacar a conclusión de que o aumento de penas leva como consecuencia a existencia de menos delitos, non hai unha correlación; mais ben hai factores nos que se debería incidir. Por outro lado, as penas e o encarceramento ten como obxectivo a reinserción social das persoas xulgadas.

Pero mais alá da propia pena, para evitar os delitos hai moitas cuestións nas que o Partido Popular non repara. O BNG entende que as medidas mais efectivas para reducir delitos é traballar na súa prevención; moitas destas cuestións prantéxanse diante a alarma social que xeneran determinados delitos que se producen no ámbito da violencia de xénero, e sería mais efectivo insistir no ámbito da educación e mediante campañas de prevención. Tampouco é bo aproveitar o populismo punitivo, aproveitando sucesos que xeneran alarma social para modificar de xeito xeral a lexislación penal dunha maneira regresiva. Por todas estas razóns, o BNG entende que non é aceptable aprobar a moción e facer unha petición de que a prisión permanente revisable modifique o estatus do Código Penal actual.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, sinala que desde o seu partido queren manifestar a súa repulsa mais absoluta a quenenes queren converter o sufrimento de determinadas persoas nunha arma política arroxadiza. O debate que pretende introducir o Partido Popular é vergoñento e totalmente tendencioso; a estratexia de Génova é diferenciarse de Ciudadanos posicionándose diante os electores como a auténtica voz defensora das esencias patrias. A democracia e os representantes da cidadanía temos a obriga de garantir un sistema xusto e que protexa a seguridade dos cidadáns, hai que acordar e legislar alonxados de debates emocionais e pasionais. Poñer ás vítimas como eixo da política penal é un erro ético por esixirlle unha imparcialidade e obxectividade imposible, ou plegarse a unha idea de xustiza diferente da que debería imperar nunha sociedade racional. O PP pretende utilizar a dor que a todos nos causan sucesos tan tráxicos como os que teñen acotecido. A prisión permanente revisable é unha rémora do pasado, é allea ao noso sistema democrático.

O PP, en caída libre fronte a Ciudadanos, bebe do oportunismo para tratar de recuperar ou non perder votos, ésa é a intención agochada. É unha irresponsabilidade este debate que cuestiona os límites do sistema punitivo do Estado e a liberdade dos individuos. Javier Arenas chama conquista social a tratar de recluír de por vida a unha persoal ata convertila nun morto vivente. A cadea perpetua non ten cabida na Constitución porque a finalidade da pena é castigar ó culpable pero tamén resocializalo. Por todo isto o grupo municipal socialista non vai apoiar esta moción oportunista e contraria ós principios democráticos.

No turno de réplica, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular admite que o sistema penal ten como obxectivo final a reinserción social das persoas que foron xulgadas pero precisamente as penas que son demasiado curtas o que provocan é unha reinserción incompleta; de feito moitos delincuentes que abandoaron o cárcere ó amparo da doutrina Parot estase vendo cómo volveron a reincidir, precisamente por culpa dunha reinserción incompleta. Por todo elo, o seu grupo apoia a prisión permanente revisable.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, como xa se dixo, non é certo que non é certo que haxa no noso ordenamento xurídico penas moi reducidas, son penas congruentes coa gravidade dos delitos, basta ver as que hoxe se piden por rebelión, sedición, que son mais duras que as que hai no entorno europeo. Quizá, mais alá da xustiza que ten que imperar nesta cuestión, hai todo un traballo que hai que facer en materia de prevención, especialmente en moitos dos casos que teñen ocasionado tanta alarma social, con secuestro, violación e asasinato, moitos deles poñen de manifesto un grave problema de machismo e da propia educación recibida en canto á igualdade de homes e mulleres. Por todo isto, o BNG entende que non é necesario facer unha modificación do Código Penal.

Seguidamente, sométese o asunto a votación, co seguinte resultado:

SI: PP (3)

NON: BNG (8)  
PSOE (1)

Non se aproba a moción para apoiar e defender a prisión permanente revisable.

## **7. Moción do PSdeG-PSOE sobre a aprobación dunha ordenanza de emerxencia social**

Da conta a portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, da moción de data 10.01.2018 presentada polo grupo municipal socialista nos seguintes termos

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, establece que todos e todas as persoas terán dereito a un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

Esta declaración sentou as bases dun novo modelo de estado social no que os poderes públicos quedan compelidos a desenvolver accións positivas que xeren as condicións necesarias para que *“a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integre sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social”*.

Estamos a padecer unha longa e salvaxe crise económica que está a provocar que o noso país sexa onde máis medrou a desigualdade, levando aparelada como consecuencia extremadamente grave, o aumento da pobreza. No día de hoxe aínda somos vítimas desta tormenta económica que, a pesares da propaganda governamental interesada, aínda non fomos quen de superar. Resulta imprescindible sacar da exclusión social a determinados colectivos sociais e darlles unha oportunidade real de exercer ao completo as súas posibilidades humanas e cidadás.

Por dignidade e por xustiza social, é urxente dende os poderes públicos, atender as necesidades básicas das persoas e cubrir os servizos esenciais, combatendo a pobreza nas súas diferentes facianas. Tamén en Allariz.

En aras da transparencia democrática e da solidariedade, o noso concello precisa establecer un marco xurídico claro e sinxelo, có que na actualidade non conta, para regular e normativizar o exercicio do dereito das persoas a recibir apoios personalizados que implican a detección e análise de necesidades e demandas, diagnoses e valoración técnica das situacións, necesidades e problemas das persoas e xestión e seguimento das prestacións económicas de emerxencia social, que corresponde exercitar aos cidadáns ao nivel dos servizos sociais comunitarios municipais.

O Concello de Allariz non pode seguir distribuindo recursos públicos para atender situacións particulares de emerxencia social sen contar cunha norma (Ordenanza), clara, sinxela, obxectiva e transparente que os regule. Non pode ser unha decisión unilateral e sen unhas pautas reguladoras claras e coñecidas, o soporte para conceder axudas e prestacións económicas ou en especie, destinadas a paliar ou resolver situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia, reforzar procesos de integración familiar e inclusión social e previr situacións de exclusión social.



A Ordenanza reguladora da concesión de axudas de emerxencia social ten que conter o seguinte:

- Obxecto da mesma.
- Criterios xerais para a concesión.
- Incompatibilidades das axudas.
- Clasificación das prestacións.
- Beneficiarios/as das axudas.
- Requisitos das persoas beneficiarias.
- Xestión e procedemento para a concesión das mesmas.
- Criterios de valoración.
- Xestión orzamentaria e xustificación.
- Infraccións e sancións.

Tendo en conta o anteriormente exposto e considerando necesario regular a concesión destas axudas públicas can garantías para os preceptores/as das mesmas e para os/as responsables do seu outorgamento, veño a propor a adopción do seguinte acordo:

*O Pleno do Concello de Allariz acorda elaborar e logo aprobar unha Ordenanza que regule as axudas municipais de emerxencia social, co obxecto de potenciar a transparencia, eficiencia e eficacia deste gasto público, entendido como recurso facilitador da integración social dos veciños e veciñas que sofren máis carencias e necesidades vitais.*

Polo grupo municipal do BNG, intervén a concelleira de benestar social, María Isabel Poisa Rey, para sinalar que, estando totalmente de acordo en que a crise económica e os recortes fixeron que o aumento da desigualdade social leva aparelado o aumento da pobreza non se pode dicir do concello de Allariz que está de costas a este problema, concello pioneiro en programas de conciliación e dependencia. Dende o concello trátase de dar resposta a todas as situacións de empobrecemento e emerxencia social que chegan á concellería de benestar social, todos os programas da concellería están regulados, ben sexa pola Deputación, pola Xunta de Galicia ou polo propio concello. Programas de conciliación como a aula de espera, concilia verán; programas de dependencia, como a axuda no fogar básica e axuda a dependentes, programa de xantar sobre rodas, comedor social, programas de igualdade e contra a violencia de xénero. Todos teñen o seu regulamento. Todas estas actuacións, programas e proxectos están financiados na súa maior cuantía polo propio concello, sen reparar no custe que eso supón, de ahí que o orzamento desta concellería supere o medio millón de euros. A emerxencia social, está contemplada nos orzamentos. As actuacións na materia de emerxencia social non son programadas, son actuacións xurdidas das necesidades e das demandas puntuais da poboación, e actúase seguindo criterios de inmediatez. As valoracións de cada caso fanse de maneira pragmática, obxectiva, eficiente, eficaz e, como ben dí a concelleira do grupo socialista, van destinadas a paliar e resolver necesidades transitorias de necesidade. Estas valoracións levadas a cabo polos técnicos correspondentes, en ningún momento deixaron de atender a ninguén que demandara ningún tipo de axuda (aluguer, luz, auga, alimentos, medicinas). Non é unha decisión unilateral, é unha decisión profesional,

seguindo o criterio de emerxencia, onde sí quedan garantidos mínimos de subsistencia e en moitos casos interactuando con outras áreas de servizos sociais e outras do concello: educación familiar, igualdade, violencia de xénero, cultura, buscando dar resposta non só a inmediatez, senón con solucións individuais que poidan mellorar a calidade de vida e as necesidades das demandadas. Exposto todo, sinala, a conclusión é que a emerxencia social responde á inmediatez e o BNG pensa que non precisa dun regulamento polo que o voto será contrario á moción.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que a mellor forma de loitar contra a exclusión social e a emerxencia social é, en primeiro lugar, creando emprego. En segundo lugar, creando emprego fixo. En terceiro lugar, creando emprego de calidade. Nos últimos catro anos, empezou unha recuperación laboral a ritmos anuais superiores ó 2,5% que levou a España a acadar no 2017 19 millóns de ocupados. Cando empezou a crise estaba ó frente do goberno José Luis Rodríguez Zapatero, quen se empeñou en non recoñecer que houbera crise, e veuseos encima. Se non se recoñece unha situación de crise económica, dificilmente se pode facer fronte a ela. Dez anos despois quen foi Ministro de Economía, Pedro Solbes, veu a recoñecer que non se tomaron as medidas necesarias para afrontar a crise económica, fundamentalmente pola decisión política de ocultar a realidade. As consecuencias coñecémolas todos. Co goberno do Partido Popular recuperáronse dous millóns de postos de traballo. Tamén recorda o concelleiro cando [o presidente] Felipe González prometía a creación dun millón de postos de traballo, algo que parecía increíble, agora creáronse dous millóns gracias ás medidas de recuperación económica tomadas polo goberno do Partido Popular. É certo que aínda segue habendo 3,7 millóns de desempregados, pero hai que seguir polo mesmo camiño e poñer mais énfase na creación de contratos fixos e contratos de calidade a tempo completo. Con respecto ó emprego temporal xa empeza a cambiar de tendencia, sinala. No 2017, houbo 537.000 contratados mais; deles, 358.000 son indefinidos, o dobre dos eventuais. Este saldo é moi diferente ó do ano anterior, cando os temporais eran 226.000 e os fixos foron 170.000. É dicir, no 2017 xa hai un cambio de tendencia na cotratación fixa. Hai mais indicios que van na mesma liña: a maior parte do emprego creado foi a xornada completa, mentras que a tempo parcial caeu. Esta é a liña que debemos seguir, afirma. Estes son datos reais, non é propaganda gubernamental interesada, sinala, é o resultado dunha xestión económica eficaz e non demagóxica. Coa demagogia non se solucionan os problemas. Esta brillante xestión débese trasladar ó concello e poñer todos os medios para disminuir a cuota de desemprego no municipio. É xusto recoñecer que no concello de Allariz está funcionando a colaboración, sen exclusión social es sen emerxencia social. Xa temos dito mais veces, sinala, se deben dar mais facilidades para que veñan mais empresas para asentarse no municipio, que é unha forma de crear emprego e axudar a suprimir a exclusión social e a emerxencia social. Está moi ben a demagogia, os brindis ó sol, pero neste caso estamos a falar dun tema que ademais podería invadir competencias doutras administracións e na parte que hai competencia municipal, desde o seu punto de vista, estase facendo correctamente. Facer unha proposta demagóxica para dicir que hai que facer isto ou aqueloutro, neste caso xa se está facendo, afirma, e non lle doen prendas en recoñecelo, polo que non fai falta unha moción deste tipo. Por este motivo, o grupo municipal do Partido Popular, vai votar en contra, conclúe.

Polo grupo municipal socialista, a súa portavoz, en relación coa intervención da concelleira de benestar social, replica que en ningún momento dubida de que se deixe á xente sen atender, simplemente se pretende e se pide que esta atención esté regularizada cunha ordenanza.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que ao mellor hai un equívoco en se existe ou non existe ordenanza municipal. Como ben dixo a concelleira de benestar, o concello non ten unha ordenanza global que comprenda todos e cada un dos servizos que se prestan na área, pero ó mesmo tempo, cada un dos servizos ten o seu propio regulamento ou a súa propia ordenanza; algúns incluso mais dunha porque tamén a teñen de carácter fiscal para regular as aportacións que se teñen que facer por parte dos usuarios, p. ex. comedor sobre rodas, axuda no fogar, comedor social. Pero todos e cada un dos servizos ós que se fixo mención contan con esa regulación. O grupo de goberno, afirma, está aberto a discutir sobre a propia regulación, sobre as ordenanzas dos mesmos, ata onde se ten capacidade, porque cando ven determinada por unha financiación a marca o propio decreto que a regula. Na parte en que o concello ten marxe de actuación, reitera a súa disposición para valorar se cabe algunha modificación da regulación existente. Non obstante, quere deixar claro que, independentemente de que se teñan incrementado os servizos técnicos municipais, con dúas traballadoras sociais, na área de igualdade tamén hai dúas persoas, mais o persoal que temporalmente complementa servizos, como os de concilia verán, aula de espera, todas elas teñen un criterio técnico á hora de atender demandas dentro do que é a normativa vixente. Por estes motivos, no grupo de goberno non ve necesario redactar unha ordenanza global para cada un destes servizos cando hai regulación específica para cada un deles, se ben expresa a súa disposición para que os grupos municipais podan facer as súas aportacións para mellorar ás regulacións, nunha área que supón, como xa se dixo, un 10% dos ingresos ordinarios municipais.

Seguidamente someteuse o asunto a votación, co seguinte resultado:

SI: PSOE (1)

NON: BNG (8)

PP (3)

Non se aproba a moción sobre a aprobación dunha ordenanza de emerxencia social

#### **8. Moción do PSdeG-PSOE sobre a recollida de vidro porta a porta para o sector hostaleiro da vila alaricana.**

Da conta a portavoz, Zaida A. Rodríguez Camba, da moción de data 16.01.2018 presentada polo grupo municipal socialista nos seguintes termos:

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Outro dos piares fundamentais nos que se asenta a realidade económica da nosa Vila, é o seu sector hostaleiro, que dende fai moitos anos vén demostrando músculo, ofertando un servizo de calidade e de mellora constante e creando postos de traballo. Fundamental nos tempos que nos toca vivir.

Hoxe podemos presumir en Allariz de bares, cafeterías, vinotecas, restaurantes, tabernas, etc; que son un polo de atracción importante para a veciñanza e para os visitantes. Ofertan produtos variados e de calidade, xeran riqueza e supoñen un alicerce e un complemento fundamental para o comercio local. A hostalería alaricana crea ambiente na vila e dalle unha pegada singular. Por elo é merecente dun trato exquisito por parte da administración municipal.

Nese senso, e tendo en conta a concienciación veciñal sobor da recollida selectiva, resulta necesario establecer un servizo de recollida porta a porta de envases de vidro, que teña como destinatarios aos locais de hostalería da capital alaricana.

Esta actuación, acordada có sector, vai permitir mellorar substancialmente o servizo que na actualidade se lles oferta e aumentar dun xeito considerable a reciclaxe deste material neste sector; asemade comportará importantes aforros, tanto económicos como ambientais na xestión de residuos do noso concello.

O servizo ten que ser acordado có sector hostaleiro para establecer as necesidades, as rutas e os horarios de recollida. Concienciación e sensibilización.

Dende as primeiras implantacións da recollida selectiva de vidro Porta a Porta (PaP) deica a actualidade, téñense demostrado os beneficios e bos resultados deste sistema de reciclaxe, que o converte no sistema de recollida de residuos máis eficiente e que permite unha maior recuperación de recursos.

A recollida de vidro porta a porta nos locais de hostalería alaricanos é un paso importante e necesario, que vai beneficiar aos locais de hostalería, incrementar o porcentaxe de recollida e sobre todo ao medio ambiente. Perseguiamos unha oferta hostaleira sostible e respectuosa có medio ambiente.

Polo exposto, dende O Grupo Municipal Socialista de Allariz, instamos a seguir mellorando a recollida selectiva, e para elo vimos a propor adopción do seguinte acordo:

*O Pleno do Concello de Allariz insta ao equipo de goberno municipal a poñer en marcha de inmediato, un servizo de recollida porta a porta de envases de vidro, para os locais de hostalería presentes na capital alaricana.*

Intervén a continuación o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, para sinalar que, efectivamente, Allariz ten sido pioneira á hora de implantar distintos programas de reciclaxe, separación das distintas fraccións do lixo e, particularmente, no caso do vidro, tense feito un esforzo moi importante. No ano 2016 fíxose, por última vez, unha enquisa coa hostelería alaricana e, en base aos resultados, fíxose un esforzo importante con Ecovidro para a dotación de contedores específicos para colocar dentro dentro dos locais e para a dotación de iglús especiais para situalos no contorno deses locais comerciais. Colectores de boca anca e colectores que incluso facilitan o volcado posto que teñen un sistema hidráulico. A verdade é que ésto ten funcionado moi ben, superamos en boa medida a eses espazos que antes indicaba a concelleira do grupo municipal socialista. O concello de Allariz está agora mesmo, no 2017, en 33,75 kg/habitante/ano, a media en Ourense é de 2,5 kg, a media ourensá e galega é de 14 kg/habitante/ano. Dos mais de 50 locais de hostelería que hai en Allariz hai menos de dez casos no que o iglú de vidro se sitúa a mais de 25 metros do local, especificamente están no casco histórico porque se ten feito un esforzo moi importante de concienciación, de traballo coa cidadanía, para retirar estes elementos que, evidentemente, afearían o noso casco. É un esforzo que se lle pide ós hosteleiros nistes casos moi concretos pero que están respondendo positivamente. Seguramente, é mais importante, sinala o concelleiro, unha vez que se acadou a cifra de 202.530 kg/ano de recollida de vidro, centrarse na recollida porta a porta da materia orgánica, ésta é a fracción mais importante que temos na bolsa do lixo. O programa RE que se puxo en marcha está a acadar cifras realmente importantes pero aínda hai moito traballo que facer e especialmente con estes grandes produtores e aí hai que incidir coa posta en marcha dun sistema porta a porta. Este ano, dentro do proxecto PIMA do Ministerio de Medio Ambiente conquerimos unha partida económica importante, superior ós 52 mil euros que nos vai permitir a adquisición dun vehículo específico para a recollida porta a porta porque deste xeito tamén entendemos que o Ministerio de Medio Ambiente refrenda a boa marcha deste sistema, mesmo nesta semana tivemos unha chamada da Comunidade Autónoma da Rioxa posto que vai utilizar o noso sistema para a zona norte da Rioxa, que son pobos pequenos, para a posta en marcha dun programa similar ó noso progra RE e tamén en Castela e León están a facer un estudio a nivel da comunidade autónoma, e dentro das 12 boas prácticas no que están a traballar, está o proxecto que se está facendo en Allariz. Polo tanto, neste caso o concelleiro non ve como algo fundamental a posta en marcha dun sistema de recollida porta a porta do vidro porque en moitos casos quedaría mais lonxe a furgoneta para a recollida que o propio colector, que están bastante ben situados; estudiaremos, porque se vai facer outra vez unha nova enquisa (a anterior é de novembro) para o sector Oreca para o tema da recollida de embases en colaboración con Ecoembes e estamos pendentes de que nos entreguen esa dotación; todos os locais de Allariz, menos dous, manifestaron a súa vontade de pór un sistema de separación de embases dentro do propio local, pero vaise pór en marcha, ademais vai ser obrigatorio, o sistema de separación orgánica e aí vaise facer un esforzo moi importante para a recollida porta a porta. De paso que vamos recoller a materia orgánica, a eses dez locais aos que se facía referencia anteriormente, que teñen os colectores as mais de 25 metros, se poderá facerlle a recollida. Cando se fixeron as enquisas moitos hosteleiros indicábanlles que, no caso do

vidro, incluso preferían sacalo eles, por razón da acumulación; recoller porta a porta todos os días, incluídos fins de semana, sería inviable, por eso os hosteleiros declaraban que preferían sacar eles o vidro en pequenas cantidades para non ter que acumular grandes volumes porque os locais teñen un espazo reducido. En definitiva, vaise reforzar o sistema de recollida porta a porta pero en materia orgánica que se vai pór en marcha con carácter inmediato, no primeiro trimestre.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, non está de acordo con algúns dos motivos polos que o Partido Socialista propón un servizo de recollida porta a porta do vidro para locais de hostelería. Algúns deles xa os acaba de expoñer o concelleiro de medio ambiente. A recollida de embases de vidro porta a porta non ten por qué aumentar dun xeito considerable a recollida deste tipo de material; os datos que acaba de facilitar o concelleiro así o verifican. Tampouco cree que dé lugar a importantes aforros económicos na xestión dos residuos no municipio, nin que necesariamente permita unha maior recuperación de recursos. Chama a atención que se incida especialmente no tema da recollida dos embases de vidro cando precisamente hai outro tipo de residuos que se xeneran na hostelería que sí pode ser necesario e convinte recoller porta a porta; o vidro é un material que se pode almacenar facilmente sen ocasionar cheiros e outras molestias, pero hai outros residuos que sí convén retiralos o antes posible, por eso é unha cuestión de prioridade, hai residuos que convén recollelos porta a porta canto antes pero outros, como é o caso do vidro poden aguantar mais tempo. Non obstante, o concelleiro reitera, como así o ten dito noutras ocasións, que se descarguen os contenedores con mais dilixencia, sobre todo en época do verán, especialmente no mes de agosto. Hai contenedores cercanos a determinados establecementos de hostelería que a miúdo están saturados e que non se recollen co debido tempo, é algo que hai que corrixir, incluso aumentando a dotación. Conclúe sinalando que está de acordo en que se potencie a recollida porta a porta dos residuos orgánicos.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, en todo caso, como temos unha ordenanza aprobada que implica que a separación non é algo voluntario senón que resulta obrigatoria por razóns ambientais e económicas, aconsellable mesmo pola conxelación das tarifas fiscais, esa separación vai ter un impulso, como ben dicía o concelleiro de medio ambiente, durante o 2018 de estender a través deste novo vehículo e co persoal municipal este sistema de recollida porta a porta da materia orgánica que permitiría facer unha transacción á moción presentada do seguinte tenor na parte resolutiva: *O pleno do concello de Allariz insta a poñer en marcha un servizo de recollida porta a porta da materia orgánica e tamén ver a posibilidade de recollida de vidro ós locais do casco histórico de acordo coa as previsións do programa RE contempladas nos orzamentos municipais do ano 2018.* O grupo de goberno ten todo o interese en facer esa separación, porque é a forma mais respetuosa de aproveitar o lixo e que ten un retorno económico. Este ano xa se superan os 30.000 euros que se reciben de Ecoembes pola recollida do lixo do contenedor amarelo, o cal significa que non só lle deixamos de pagar a Sogama senón que recibimos trinta mil euros. No caso do vidro, se ben non recibimos ingresos como no caso do contenedor amarelo, tamén é un pago que se aforra se se separa porque se non se fixera aumentaría enormemente o peso do lixo depositado en Sogama. Por eso a proposta que fai o

grupo de goberno é a exposta anteriormente.

A portavoz de grupo socialista, acepta a transacción, pero quere recordarlle ó concelleiro do Partido Popular que a moción non é unha proposta sacada da manga senón que é unha proposta que lle traslada o sector hosteleiro ó grupo municipal socialista.

Seguidamente someteuse o asunto a votación, cunha enmenda do BNG, co seguinte resultado:

SI:               PSOE (1)  
                      BNG (8)

ABSTENCIÓNS: PP (3).

Queda aprobada a moción do PSdeG-PSOE sobre a recollida de vidro porta a porta para o sector hostaleiro da vila alaricana, cunha enmenda do BNG, por acordo da maioría absoluta legal, cos votos favorables do PsdeG-PSOE (1) e do BNG (8), coa abstención do PP (3), quedando a parte resolutiva da moción, coa enmenda do BNG, redactada nos seguintes termos:

*O pleno do concello de Allariz insta a poñer en marcha un servizo de recollida porta a porta da materia orgánica e tamén ver a posibilidade de recollida de vidro ós locais do casco histórico de acordo coa as previsións do programa RE contempladas nos orzamentos municipais do ano 2018.*

## **9. Rogos e Preguntas.**

Presentadas por escrito.

**Polo grupo municipal do PsdeG-PSOE**, a súa portavoz, Zaida Rodríguez Camba, formula as seguintes:

9.1 Mediante escrito de data 16 de xaneiro de 2018, formula un rogo nos seguintes termos:

A mobilidade interna dentro do termo municipal de Allariz é moi deficiente. O Concello por falla de recursos ou por falla de iniciativa non é quen de garantir un transporte axeitado, das parroquias coa capitalidade nin os distintos fluxos de comunicación dos núcleos de poboación entre sí.

Tampouco as escasas iniciativas implementadas pola Xunta de Galicia, como o transporte a demanda, satisfacen as necesidades da nosa veciñanza a hora de atender as súas necesidades de desprazamento. Sobre todo as persoas maiores e con problemas de mobilidade, que precisan acudir ao centro de saúde, ao banco, a farmacia, ao supermercado, aos comercios, ao concello...

O que os socialistas vimos a propoñer, é dotar aos diferentes núcleos de poboación do concello, dun transporte que resolva os graves problemas de mobilidade presentes. Un transporte compartido que semella unha boa opción tanto económica como ambientalmente. Unha fórmula que aposta por unha mobilidade sustentable e asequible para os nosos/as veciños/as.

Non podendo agardar por quén non comparece e até o de agora ten demostrado un nulo interese por un dos principais problemas do noso rural e que supón unha das causas da nosa desertización, o transporte público de calidade, e polo que,

**ROGO:**

1. Que se acometa a posta en marcha dun proxecto de Taxi de uso compartido no termo municipal de Allariz.
2. Chegar a un acordo cos taxistas da vila alaricana para poder elaborar un mapa de liñas e rutas, que fagan posible a comunicación entre as distintas entidades de poboación do concello, e destas coa capitalidade.

Responde o Alcalde sinalando que se toma nota e razón do mesmo, ó tempo que indica que coa supresión da competencia municipal en relación ao transporte coa lei de racionalización e sostibilidade da administración local o concello de Allariz, non obstante, fixo todas as xestións para que o novo servizo de transporte a demanda, que en boa medida o que fai é compatibilizar o transporte escolar co transporte de viaxeiros, eiquí en Allariz, suplira a maior dificultade que representaba. A maior dificultade estaba en que, obviamente, pouca xente do rural pode vir a Allariz e esperar despois a volta ata que haxa o transporte escolar, ás 14,20 no Instituto ou 15.30-16.00 o do CEIP. Por eso, o concello puxo en marcha unhas xestións municipais para cubrir a demanda que formula a concelleira do grupo municipal socialista que, os luns e os xoves, sen custe para o propio concello en base a un acordo coa empresa concesionaria, haxa un retorno á media mañán, sinaladamente entre as 11.30 e as 12.00 para as liñas que antes se facían con Allarbus, que esta nova regulación suprimiu, a cal permite que practicamente todos os núcleos municipais, salvo algún núcleo aillado que por non ter nenos nesa ruta e que habería que estudalo; pero para a inmensa maioría dos veciños do rural os luns e xoves que coincide coas analíticas no Centro de Saúde e con outras xestións tense feito ese acordo. Esta xestión feita polo concello, con esta proposta, seguramente é a única proposta que se fixo en todos os concellos de Galicia, tamén para os días de feira. Esta experiencia fíxose tamén nos períodos non lectivos en que non hai transporte escolar. Tamén hai un acordo para os nenos e nenas do CEIP que non teñen transporte escolar con outra empresa, cunha aportación dos pais asumindo os outros custes o concello, uns 2.500 euros mensuais para favorecer ese acceso. En definitiva, tómase nota do rogo pero deixando constancia de que a maioría das parroquias teñen o servizo que se acaba de explicar e para



aquel outros núcleos de pouca poboación que poden dispor daquel servizo de transporte pode estudarse algunha alternativa como a que se presenta para cubrir a demanda para que ninguén quede sen servizo os luns e xoves e os días de feira.

Oralmente, a portavoz do grupo municipal socialista formulou as seguintes:

- 1.** ¿Existe algún tipo de **dilixencia aperturada pola Fiscalía** en relación cunha obra maior situada na rúa Emilia Pardo Bazán, nº 26 promovida polo arquitecto D. Juan Feijoo Pérez? ¿En qué estado se atopa esta edificación, qué alegou ou vai alegar o concello na defensa dos intereses municipais? ¿Somos conscientes do que nos pode supor este tipo de denuncia no caso de prosperar?.

Responde o Alcalde sinalando que non hai ningunha cuestión que ocultar ó respecto desa obra porque reúne todos os requisitos tanto no que foi a licenza de demolición, como o proxecto de urbanización, como a licenza das obras ás que a concelleira fai referencia que cumpre a

normativa do PXOM; trasladaráselle a información que a Fiscalía require, sen ningún outro alcance que esa petición de información; hai que indicar que, ó noso modo de ver que a empresa que inicialmente era titular da licenza concedida entrara en quebra, non continuara coas obras e haxa un litixio entre os propietarios dos terreos é algo alleo ó concello; pero en canto á legalidade urbanística, o Alcalde entende que cumpre coa normativa de acordo cos informes obrantes.

- 2.** ¿Existe algún cambio na titularidade na concesión administrativa do restaurante **Fío de Liño**? ¿Qué normas rexen neste tipo de concesións municipais e solicita copia da mesma?.

Responde o Alcalde sinalando que non ten ningún reparo en facilitala. Esta é unha concesión de titularidade de Reatur e o que hai é unha subrogación, que se acepta, porque se entendía que estando ambas partes de acordo e garantíndose os aspectos esenciais para Reatur contemplados no prego de condicións que a empresa ten que recibir accedeuse á mesma.

- 3.** Sobre o estado dos **4.000 euros desaparecidos da Oficina de Obxectos Perdidos**.

Responde o Alcalde sinalando que esta sesión non puido tratar e aprobar o regulamento que traeremos tan pronto como o traballo de Secretaría o faga posible para o mes de febreiro ó tempo que os grupos municipais podan facer algún tipo de aportación, xa que se toma en consideración mesmo o de Madrid; está bastante avanzada a proposta e tamén desde o punto de vista da responsabilidade municipal nesa negligencia de vixilancia dese diñeiro nas dependencias municipais estaremos ó que o Código Civil establece en relación á obriga de devolución pasados os prazos correspondentes ó interesado que depositou eses 4.000 euros. Tampouco se ten tido información por parte da Garda Civil sobre o atestado que a propia Garda Civil ten realizado.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinteunha horas e trinta e cinco minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

*O ALCALDE, Francisco García Suárez.*

*Dou fe, o Secretario, Maximino Jardón Pedras.*

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE